

## **ADDENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA A CONTINUIDADE E O DESENVOLVEMENTO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA GALICIA SUR**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Vigo e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur , formalizaron o 06/10/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos por un período de catro anos, a contar dende o 20 de outubro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto prorrogar a vixencia do compromiso suscrito o 19 de outubro de 2021.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O 19 de outubro de 2021 as partes asinaron un convenio a través do cal acordaban a continuidade do Instituto de Investigación Sanitaria de Galicia Sur (IISGS) a través da asociación das entidades asinantes.

O Instituto de Investigación Sanitaria de Galicia Sur foi recoñecido no ano 2010 polo Instituto de Salud Carlos III como Instituto Acreditado de conformidade co Real decreto 279/2016, do 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de Investigación Sanitaria (BOE do 5 de xullo de 2016).

O Instituto carece de personalidade xurídica propia, polo que as actuacións necesarias para a consecución dos seus fins canalízanse a través da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, que actúa como órgano de xestión, sen prexuízo das competencias de cada unha das institucións figurantes no Convenio.

Por outra banda, a cláusula décimo sétima do Convenio suscrito o 19/10/2021 estipula que a súa duración será de catro anos, con posibilidade de establecerse prórrogas polo mesmo período mediante acordo expreso e escrito das partes asinantes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á



natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

